

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

5129 *Real decreto 361/2009, do 20 de marzo, polo que se regula a información sobre a cadea alimentaria que debe acompañar os animais destinados a sacrificio.*

O Regulamento (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, exige aos operadores de empresas alimentarias que leven e conserven rexistros sobre as medidas aplicadas para controlar os perigos de maneira adecuada e durante un período suficiente tendo en conta a natureza e o tamaño da empresa alimentaria e que, logo de petición, poñan a información relevante que conste nos ditos rexistros á disposición das autoridades competentes e do operador de empresa alimentaria que a debe recibir.

Así mesmo, no citado regulamento establécense os rexistros que, en particular, deben levar os operadores de empresa alimentaria que críen animais. A información obtida destes rexistros, que os gandeiros teñen que poñer á disposición da empresa alimentaria que reciba os animais para o seu sacrificio, constitúe a información da cadea alimentaria. A información da cadea alimentaria axuda ao operador de matadoiro a organizar as operacións de sacrificio e ao veterinario oficial a determinar os procedementos de inspección necesarios.

O Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, que establece normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, estipula que o operador de matadoiro deberá solicitar, recibir, verificar e intervir na información sobre a cadea alimentaria contida nos rexistros da explotación de procedencia dos animais, excepto a caza silvestre, que se enviasen ou que se vaian enviar ao matadoiro. Impón, así mesmo, que o operador de matadoiro se asegure de que a información sobre a cadea alimentaria facilita toda a información requirida a teor do Regulamento (CE) n.º 853/2004.

O Regulamento (CE) n.º 2074/2005 da Comisión, do 5 de decembro de 2005, que establece medidas de aplicación para determinados produtos conforme o disposto no Regulamento (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello e para a organización de controis oficiais conforme o disposto nos regulamentos (CE) n.º 854/2004 do Parlamento Europeo e do Consello e (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, introduce excepcións ao disposto no Regulamento (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello e modifica os regulamentos (CE) n.º 853/2004 e (CE) n.º 854/2004, dispón que a autoridade competente do lugar de expedición informará o operador de empresa alimentaria expeditor acerca dos elementos mínimos de información sobre a cadea alimentaria que se deben comunicar ao matadoiro, conforme o disposto no anexo II, sección III, do Regulamento (CE) n.º 853/2004.

O Regulamento (CE) n.º 2076/2005 da Comisión, do 5 de decembro de 2005, que establece disposicións transitorias para a aplicación dos regulamentos (CE) n.º 853/2004, (CE) n.º 854/2004 e (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello e modifica os regulamentos (CE) n.º 853/2004 e (CE) n.º 854/2004, establece a posibilidade de que os Estados membros apliquen un período transitorio en relación coa información da cadea alimentaria para as distintas especies, coa excepción das aves de curral. Así mesmo, dispón que a autoridade competente poida permitir que a dita información se envíe, durante o período transitorio, aos operadores dos matadoiros xunto cos animais de todas as especies, en lugar de 24 horas antes da chegada dos animais, como establece o Regulamento (CE) n.º 853/2004.

Este real decreto ten por obxecto desenvolver os elementos mínimos de información sobre a cadea alimentaria que o operador da empresa alimentaria que expide os animais

debe comunicar ao operador económico do matadoiro e que non constitúen a totalidade de datos de que debe dispoñer o operador de empresa alimentaria nos seus rexistros de explotación. É dicir, este real decreto non afectará os animais que non teñan por destino último o seu sacrificio en matadoiro.

Así mesmo, establécense os períodos transitorios aplicables á subministración de información da cadea alimentaria ao matadoiro nas distintas especies e á chegada da información 24 horas antes da recepción dos animais, excepto nos casos en que polas súas características se fai necesario recibir a información con antelación, que se recollen na disposición adicional.

Por outra parte, existe unha gran dispersión, na normativa comunitaria, de disposicións relacionadas coa información da cadea alimentaria; así, encontramos que o Regulamento (CE) n.º 852/2004 establece os rexistros que deben levar e manter os explotadores que críen animais (anexo I parte A), o Regulamento (CE) n.º 853/2004 establece cales datos dos contidos nos rexistros da explotación se deben transmitir aos operadores dos matadoiros e, ademais, sinalanse as obrigas dos operadores da explotación de procedencia dos animais e as dos operadores dos matadoiros (anexo II sección III); o Regulamento (CE) n.º 854/2004 establece as funcións dos veterinarios oficiais (anexo I sección I capítulo II parte A), as decisións dos veterinarios oficiais (anexo I sección II capítulo II) e regula a comunicación dos resultados da inspección (anexo I sección II capítulo I); e, finalmente, o Regulamento (CE) n.º 2074/2005 establece, tamén, as obrigas dos operadores de empresa alimentaria (anexo I sección I), as comprobacións que debe realizar a autoridade competente do lugar de sacrificio (anexo I sección II capítulo I), así como a información que se debe remitir á explotación de procedencia (anexo I sección II capítulo II).

Sen prexuízo da directa e inmediata aplicación dos citados regulamentos comunitarios, dado o seu elevado número, extensión e complexidade, considerouse conveniente transcribir certos preceptos destes para facilitar a comprensión e sistematización de todos os aspectos relacionados coa información da cadea alimentaria.

Esta disposición adóptase con rango regulamentario xa que, de acordo co Tribunal Constitucional, se considera que este real decreto constitúe un complemento indispensable para asegurar o mínimo común denominador establecido nas normas comunitarias que resultan de aplicación á materia regulada.

Na elaboración desta norma foron oídos os sectores afectados e as comunidades autónomas, tendo emitido informe preceptivo a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.16.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade, e de acordo co disposto no artigo 40.2 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Sanidade e Consumo e da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de marzo de 2009,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto sistematizar e desenvolver as previsións normativas comunitarias sobre a información da cadea alimentaria establecendo:

a) As obrigas dos operadores de empresa alimentaria e das autoridades competentes en relación coa información sobre a cadea alimentaria.

b) Os datos de que deben dispoñer os operadores de explotacións gandeiras, que críen animais para sacrificio, necesarios para subministrar a información da cadea alimentaria.

c) A información da cadea alimentaria que deberá proporcionar o dono dos animais ao operador do matadoiro sobre os animais orixinarios dunha explotación situada en España e destinados a sacrificio, para consumo humano, nos matadoiros.

d) A información que as autoridades competentes deben comunicar á explotación de procedencia dos animais de produción sacrificados en matadoiros.

2. Para os efectos de dar cumprimento ao establecido no artigo 1.1.b) e concordantes, as autoridades competentes regularán as bases de datos e rexistros, nos ámbitos previstos no anexo I.

3. O disposto neste real decreto con respecto á información sobre a cadea alimentaria non se aplicará ás pezas de caza silvestre.

Artigo 2. *Definicións.*

Serán aplicables, na medida en que resulte necesario, as definicións do Regulamento (CE) n.º 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, que establece os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, crea a Autoridade Europea de Seguranza Alimentaria e fixa procedementos relativos á seguranza alimentaria, do Regulamento (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, do Regulamento (CE) n.º 853/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, que establece normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, do Regulamento (CE) n.º 854/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, que establece normas específicas para a organización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano, e do Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar dos animais.

Sen prexuízo das definicións establecidas polos correspondentes regulamentos comunitarios, engádense as seguintes:

1. Veterinario privado: o veterinario responsable da explotación gandeira, é dicir, o veterinario ou empresa veterinaria que se encontra ao servizo, exclusivo ou non, dunha explotación, de forma temporal ou permanente, para a prestación nela dos servizos e tarefas propias da profesión veterinaria que o responsable da explotación lle encomendase.

Ademais, sempre que reúna eses mesmos requisitos, poderá ser considerado para estes efectos veterinario responsable da explotación:

a) Se a explotación pertence a unha agrupación de defensa sanitaria, o veterinario responsable dela.

b) Se é unha explotación integrada, o veterinario designado pola entidade integradora.

c) Se a explotación é membro dunha entidade ou agrupación gandeira das previstas no artigo 85 do Real decreto 109/1995, do 27 de xaneiro, o servizo veterinario desta.

d) En caso de explotacións socias ou membros dunha cooperativa ou dunha sociedade agraria de transformación, o veterinario da entidade asociativa se dispoñen del.

No resto dos supostos, o veterinario privado será o que prestase os seus servizos con maior frecuencia nos últimos meses ou, na súa falta, o último que acudiu á explotación para realizar a súa tarefa nela.

2. Centro de concentración: calquera explotación, incluídos os centros de recolla e os mercados, en que se reúna gando procedente de distintas explotacións para formar lotes de animais destinados ao comercio ou para a poxa, concurso ou exposición de gando, así como os centros de testaxe de animais. Non se considerarán como tales as instalacións autorizadas para albergar gando con destino a ser comercializado que dispoñan os comerciantes ou operadores comerciais para o desenvolvemento da súa actividade.

3. Explotación de tratantes ou operadores comerciais: aquela pertencente a calquera persoa física ou xurídica rexistrada na actividade, dedicada directa ou indirectamente á compra e venda de animais con fins comerciais inmediatos, que ten unha cifra de negocio regular cos ditos animais e que, nun prazo máximo de 30 días despois de adquirir os animais, os vende ou os traslada das primeiras instalacións a outras que non lle pertencen.

Artigo 3. *Responsabilidades dos operadores de explotacións gandeiras. [Anexo I parte A - III do Regulamento (CE) n.º 852/2004; anexo II sección III do Regulamento (CE) n.º 853/2004; anexo I sección I do Regulamento (CE) n.º 2074/2005].*

1. O operador da explotación gandeira, ou responsable autorizado por este, que vaia enviar animais de produción con destino ao matadoiro, proporcionará ao operador do matadoiro a información da cadea alimentaria, sen prexuízo da documentación oficial requirida por outras normas que lle sexan de aplicación.

2. A información da cadea alimentaria que se transmita ao operador do matadoiro débese basear nos datos e documentos de que dispoña a explotación de procedencia. Para estes efectos, os operadores das explotacións gandeiras que críen animais destinados ao sacrificio deberán, en particular, dispoñer da información mínima que se establece no anexo I.

3. O operador da explotación gandeira, ou o responsable autorizado, enviará a información da cadea alimentaria de maneira que o operador do matadoiro a reciba polo menos 24 horas antes da chegada dos animais.

4. Malia o anterior, nos supostos seguintes, esta información poderá acompañar os animais ata o matadoiro:

a) Animais porcinos, aves de curral ou caza de cría que fosen sometidos a unha inspección ante mortem na explotación de procedencia, se os acompaña un certificado asinado polo veterinario en que declare que examinou os animais na explotación e que os encontrou sans.

b) Solípedes domésticos.

c) Animais que fosen sometidos a un sacrificio de urxencia, se os acompaña unha declaración asinada polo veterinario na cal se rexistre o resultado favorable da inspección ante mortem.

d) Animais que non se entregan directamente a partir da explotación de procedencia ao matadoiro.

En calquera destes catro supostos, os animais irán acompañados da información da cadea alimentaria en que se faga constar que se acollen á excepción prevista na letra que corresponda deste punto.

Artigo 4. *Información sobre a cadea alimentaria. [Anexo II sección III do Regulamento (CE) n.º 853/2004].*

1. A información sobre a cadea alimentaria referida aos animais destinados a sacrificio figurará nunha declaración asinada polo operador da explotación gandeira.

2. A declaración e a sinatura poderán constar en calquera medio ou soporte admitido en dereito.

3. Esta información conterá polo menos os datos do anexo II.

4. Os datos poderán figurar anexos á declaración en documentos complementarios expedidos para outros fins, ou subministrarse como extracto textual dos rexistros da explotación de procedencia ou outra documentación.

5. Así mesmo, a información da cadea alimentaria poderá estar recollida nun documento único en que se reflectan tanto a información das bases de datos oficiais como a información dos rexistros do propio gandeiro.

6. Como excepción ao disposto no punto 1, non será necesario subministrar as informacións dos puntos C1 e D1, 2, 6 e 9 do anexo II cando o operador do matadoiro xa dispoña desta información a través dun acordo permanente ou dun sistema de aseguramento

da calidade. Neste caso, nos rexistros do operador do matadoiro figurarán os datos relativos a eses puntos, dentro dos seus procedementos baseados nos principios da análise de perigos e puntos de control crítico (APPCC).

Artigo 5. Responsabilidades e obrigas dos operadores dos matadoiros. [Anexo II sección III do Regulamento (CE) n.º 853/2004].

1. Os operadores dos matadoiros non deberán aceptar animais nos locais do matadoiro a non ser que recibisen a correspondente información sobre a cadea alimentaria 24 horas antes da chegada dos animais ao matadoiro, excepto nas circunstancias mencionadas no punto 4 do artigo 3.

2. Cando os animais cheguen ao matadoiro sen a información sobre a cadea alimentaria, con información deficiente, ou cando o contido desa información presente dúbidas razoables sobre a súa validez ou fiabilidade, o operador deberallo notificar inmediatamente ao veterinario oficial. O sacrificio do animal non terá lugar ata que o veterinario oficial o permita.

3. Os operadores dos matadoiros que decidan aceptar animais nos seus establecementos tras avaliar a información sobre a cadea alimentaria, deberán trasladar esta información ao veterinario oficial sen dilación, debendo notificarlle toda información que provoque inquedanza respecto á saúde antes da inspección ante mortem do animal de que se trate.

4. Nos supostos establecidos no punto 4 do artigo 3, se os operadores dos matadoiros aceptan os animais para o sacrificio deberán subministrar os documentos mencionados nas letras a) e c) do citado punto ao veterinario oficial e os pasaportes que acompañen os solípedes domésticos. O sacrificio do animal non terá lugar ata que o veterinario oficial o permita.

5. Para xestionar a información da cadea alimentaria recibida, os operadores desenvolverán os métodos que permitan avaliar adecuadamente esta información e que estarán vinculados aos procedementos baseados na APPCC. Así mesmo, poderán estar vinculados á aplicación de sistemas integrados de produción, sistemas privados de control, certificacións de terceiros ou outras.

Artigo 6. Obrigas das autoridades competentes. [Anexo I sección II capítulo I do Regulamento (CE) n.º 2074/2005].

1. A autoridade competente do lugar de expedición emitirá os documentos correspondentes que deben acompañar os animais de acordo coa normativa aplicable

2. A autoridade competente do lugar de sacrificio comprobará se:

a) a información da cadea alimentaria se comunica de forma coherente e eficaz,

b) é válida e fiable, e

c) a información relevante desde o punto de vista da sanidade animal e seguranza alimentaria é enviada á explotación, se se considera necesario.

Artigo 7. Verificación da información polo veterinario oficial. [Anexo I sección I capítulo II parte A e sección II capítulo II do Regulamento (CE) n.º 854/2004; anexo I sección I do Regulamento (CE) n.º 2074/2005].

1. O veterinario oficial comprobará que non se sacrifican animais se o operador do matadoiro non recibiu e comprobou a información pertinente sobre a cadea alimentaria.

Non obstante, o veterinario oficial poderá permitir que se sacrifiquen animais no matadoiro aínda que non se dispoña da información sobre a cadea alimentaria. Neste caso, deberase subministrar toda a información pertinente sobre a cadea alimentaria antes de que a canal poida ser aprobada para o consumo humano. Á espera dunha decisión final, as canais en cuestión e os miúdos correspondentes deberanse almacenar separados do resto da carne.

Cando nun prazo de 24 horas desde a chegada do animal ao matadoiro non se dispoña da información pertinente da cadea alimentaria, toda a carne dese animal se declarará non

apta para o consumo humano. Se o animal non fose sacrificado, será sacrificado separadamente dos demais animais. Ese prazo poderao ampliar o veterinario oficial, na medida do necesario, cando considere xustifico o atraso na chegada da información pertinente.

2. O veterinario oficial debe comprobar e analizar a información da cadea alimentaria e ter presentes os resultados documentados destas comprobacións e análises ao realizar inspeccións ante mortem e post mortem.

3. Ao realizar tarefas de inspección, o veterinario oficial debe ter en conta os certificados oficiais que acompañen os animais e, de ser o caso, as declaracións de veterinarios que leven a cabo controis da produción primaria, incluídos os veterinarios oficiais e os veterinarios autorizados.

4. Cando os operadores de empresa alimentaria adopten medidas suplementarias co fin de garantir a seguraza alimentaria mediante a aplicación de sistemas integrados, sistemas privados de control, certificacións independentes a cargo de terceiros, ou por outros medios, e cando estas medidas estean documentadas e os animais afectados sexan claramente identificables, o veterinario oficial poderao ter en conta ao realizar tarefas de inspección e revisar os procedementos baseados no sistema APPCC do matadoiro.

Isto non será de aplicación se os animais proceden de explotacións de tratantes ou de centros de concentración.

Artigo 8. Actuacións en caso de incumprimento. [Anexo I sección II capítulo II do Regulamento (CE) n.º 854/2004].

Co fin de eliminar os riscos para a saúde humana ou a sanidade animal, non se poderán admitir os animais para o sacrificio, excepto conforme os procedementos previstos na normativa aplicable, se:

- a) a documentación ou calquera outra información adxunta poñen de manifesto que os animais proveñen dunha explotación ou dunha zona suxeitas a prohibición de movemento ou outra restrición por razóns de saúde pública ou de sanidade animal;
- b) non se cumpriron as normas sobre o uso de medicamentos veterinarios, ou
- c) existe calquera outro factor que poida prexudicar a saúde humana ou a sanidade animal.

Se os animais están xa presentes no matadoiro, deberán ser sacrificados por separado e declararanse non aptos para o consumo humano, tomando, cando proceda, as debidas precaucións para salvagardar a saúde pública e a sanidade animal. Cando o veterinario oficial o considere necesario, informará a través da canle correspondente a autoridade competente para que realice os controis oficiais pertinentes na explotación de procedencia.

Ademais, a autoridade competente deberá tomar as medidas oportunas se descobre que os rexistros, a documentación ou calquera outra información que acompañe os animais non corresponden á verdadeira situación da explotación de procedencia ou ao verdadeiro estado de saúde dos animais, ou teñen por obxecto inducir deliberadamente a erro o veterinario oficial. A autoridade competente actuará contra o operador responsable dos animais. Esta situación poderá consistir, en particular, na realización de controis adicionais. Os custos destes controis adicionais correrán por conta do operador responsable da explotación de procedencia ou, de ser o caso, das outras persoas implicadas.

Artigo 9. Comunicación dos resultados da inspección. [Anexo I sección II capítulo I do Regulamento (CE) n.º 854/2004; anexo I sección II capítulo II do Regulamento (CE) n.º 2074/2005].

1. Cando o veterinario oficial detecte unha enfermidade ou estado de saúde que poida afectar a saúde pública, a sanidade animal ou poñer en perigo o benestar dos animais, comunicarao ao operador do matadoiro. Cando os animais sacrificados fosen criados nunha explotación do territorio español, o veterinario oficial asegurara-se de que os resultados da inspección relevantes que se deban comunicar a esa explotación se inclúan,

coa colaboración administrativa do operador do matadoiro, nas correspondentes bases de datos. Para tal efecto utilizará o modelo de documento que figura no apéndice do anexo I do Regulamento (CE) n.º 2074/2005, ou outro modelo que conteña, polo menos, os datos que figuran no dito modelo.

Ademais, utilizará o nome da enfermidade de acordo coa nomenclatura que figura no Código sanitario para animais terrestres da Organización Mundial da Sanidade Animal.

2. Cando o problema se orixine na fase de produción primaria, o veterinario oficial, coa colaboración administrativa do operador do matadoiro, deberá informar o antes posible:

- a) O veterinario que se ocupe da explotación de procedencia.
- b) O operador responsable desa explotación ou, de ser o caso, o tratante ou intermediario para que lla transmita, coa condición de que esta información non comprometa actuacións xudiciais posteriores.
- c) A autoridade competente responsable de supervisar a dita explotación, se procede.

3. Cando os animais sacrificados fosen criados nunha explotación situada noutro Estado membro, a autoridade competente actuará de acordo co disposto no Regulamento (CE) n.º 2074/2005.

Artigo 10. *Infraccións e sancións.*

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e a Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e nas demais disposicións que resulten de aplicación.

Disposición adicional única. *Normas de adecuación para a remisión da información sobre a cadea alimentaria.*

1. Malia o disposto na disposición derradeira terceira, cando existan elementos da información sobre a cadea alimentaria que poidan causar unha perturbación importante da actividade do matadoiro, comunicarse sen demora ao responsable deste último antes da chegada dos animais.

2. Así mesmo, o prazo de 24 horas de antelación para a subministración da información da cadea alimentaria previsto no artigo 3.3 será exixible desde a entrada en vigor desta disposición cando se poñan en perigo os obxectivos do Regulamento (CE) n.º 853/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, así como cando os animais procedan de explotacións en que se dea algunha das seguintes circunstancias:

- a) Explotacións que se consideren sospeitosas por teren dado resultados positivos, no último ano, a análises de residuos no ámbito do Real decreto 1749/1998, do 31 de xullo, polo que se establecen as medidas de control aplicables a determinadas substancias e os seus residuos nos animais vivos e os seus produtos.
- b) Explotacións cuxos animais ou medios de produción se encontran inmovilizados por actuacións xudiciais no ámbito da saúde pública ou da seguranza alimentaria, e se autorizou o envío dos animais para o seu sacrificio en matadoiro.
- c) Animais distintos dos lagomorfos que sufrisen algún tratamento farmacolóxico dentro dos 30 días precedentes ao envío ao matadoiro.
- d) Dentro dos programas nacionais de control ou de erradicación de enfermidades, os animais positivos, sospeitosos ou obxecto de sacrificio obrigatorio.
- e) Explotacións en que o nivel de comisos totais ou parciais afecte o 50% dos animais sacrificados nunha mesma xornada, e este feito fose comunicado conforme o artigo 9. Neste suposto, enviarase a información da cadea alimentaria con 24 horas de antelación durante un mes contado desde a data en que se realizaron eses comisos.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto e, en particular, o artigo 10.1 e o anexo XI do Real decreto 3454/2000, do 22 de decembro, polo que se establece e regula o Programa integral coordinado de vixilancia e control das encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais, cuxa última redacción foi dada pola Orde PRE/2893/2007, pola que se modifica o anexo XI do Real decreto 3454/2000, do 22 de decembro, polo que se establece e regula o Programa integral coordinado de vixilancia e control das encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto, que ten a consideración de norma básica, dítase ao abeiro do artigo 149.1.16.^a da Constitución española, polo que se atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento e modificación.*

Facúltanse os ministros de Sanidade e Consumo e de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para modificar, mediante orde ministerial, no ámbito das súas competencias, o contido dos anexos para a súa adecuación á normativa comunitaria.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado». Non obstante, e sen prexuízo do establecido na disposición adicional:

1. No sector de lagomorfos e caza de cría, os requisitos de información sobre a cadea alimentaria non serán exixibles ata o 30 de decembro de 2009.
2. O prazo de 24 horas de antelación, establecido no punto 3 do artigo 3, será exixible a partir do 1 de xaneiro de 2010.

Dado en Madrid o 20 de marzo de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ANEXO I

Datos mínimos de que deben dispoñer os operadores de explotacións gandeiras que críen animais para sacrificio, con obxecto de subministrar a información da cadea alimentaria

- a) Medicamentos veterinarios ou outros tratamentos administrados aos animais, co nome comercial ou principio activo, as doses aplicadas, as datas da súa administración e os tempos de espera.
- b) Enfermidades aparecidas na explotación que poidan afectar a seguranza dos produtos de orixe animal, indicando data de aparición ou de diagnóstico, número de animais afectados, medidas aplicadas e data de desaparición da enfermidade.
- c) Resultados de todas as análises efectuadas en mostras tomadas de animais e outras mostras tomadas con fins de diagnóstico que teñan importancia para a saúde humana.
- d) Informes pertinentes sobre os controis efectuados a animais ou a produtos de orixe animal e especialmente os resultados das análises de mostras oficiais tomadas no

marco dos programas de vixilancia e control de residuos e os resultados da inspección notificados desde o matadoiro sobre animais desa explotación enviados para sacrificio.

ANEXO II

Ámbitos/campos mínimos de información da cadea alimentaria

- A. Datos administrativos.
- B. Datos do envío.
- C. Información sobre os animais enviados.
- D. Información sobre a explotación de procedencia.

A. *Datos administrativos*

- 1. Nome da empresa, da explotación e do responsable da expedición.
- 2. Documento de traslado, debidamente cuberto.
- 3. Tempo e lugar de permanencia dos animais nos últimos 30 días (21 días en caso de aves). Cando sexa necesario, a información será solicitada do anterior propietario ou posuidor dos animais.

B. *Datos do envío*

- 1. Especie, número de animais (en letra) e as súas idades aproximadas (grupo de idade).
- 2. Identificación individual ou colectiva (identificación de lotes) dos animais, de ser o caso, con relación de brincos e tatuaxes.

C. *Información sobre os animais enviados*

- 1. Se os animais foron obxecto ou non dunha revisión xeral por un veterinario nas 48 horas anteriores ao traslado da documentación. En caso de térense realizado e térense detectado anomalías de interese no seu estado de saúde, indicárase a sintomatoloxía.
- 2. Animais sometidos a tratamentos nos últimos 30 días, con detalle destes últimos.

D. *Información sobre a explotación de procedencia*

- 1. Cualificación ou estatuto sanitario da explotación e, se é relevante, a cualificación ou estatuto sanitario da comarca ou provincia.
- 2. Presenza de alteracións relevantes do estado sanitario dos demais animais da explotación nas últimas 48 horas e, se as houber, describirase a sintomatoloxía.
- 3. Diagnósticos por parte dun veterinario, nos 12 meses anteriores ao traslado, de enfermidades que poidan afectar a inocuidade da carne, e relación delas, de ser o caso.
- 4. Resultados das análises das mostras tomadas, nos últimos 6 meses, no marco da vixilancia e o control das zoonoses.
- 5. Mostras tomadas en animais, nos últimos 6 meses, para investigar residuos, detallando as substancias químicas analizadas e os resultados en caso positivo.
- 6. Informes, xuntándoos, no caso de notificación desde un matadoiro, de achados con relevancia sanitaria noutros animais desta explotación nos últimos dous anos.
- 7. De ser o caso, as medidas suplementarias recollidas no artigo 7.4.
- 8. Relación de programas de control ou vixilancia de enfermidades en que participan.
- 9. Nome e enderezo do veterinario privado que atende normalmente a explotación.
- 10. Se se encontra nun dos supostos recollidos no artigo 3.4 en que a información da cadea alimentaria pode acompañar os animais ata o matadoiro.

Esta información deberá ir acompañada cunha declaración de conformidade asinada polo titular da explotación de procedencia e da data prevista de saída dos animais.

No momento da súa recepción no matadoiro a declaración será asinada, en caso de conformidade, polo titular do matadoiro de destino indicando a data de recepción dos animais.